



Xornada

Hannah Arendt

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 23 de xaneiro de 2020



Hannah Arendt constitúe un fito no pensamento político do século XX. É hoxe unha referencia ineludible cando se fala de cuestións que afectan á república, é dicir, a nós. A súa máxima «pensar sen varandas» guiou toda a súa obra, desde o seu extenso traballo sobre as orixes do totalitarismo e a súa biografía sobre a xudía alemá Rahel Varnhagen até a súa última obra inacabada *The Life of the Mind* (“A vida do espírito”).

Cada un dos seus libros adoitaba xerar unha longa polémica. ¡Canto non se debateu sobre o seu concepto de totalitarismo, a súa visión do xuízo a Eichman, a súa separación entre o político e o social, a súa tan mal comprendida tese arredor da banalidade do mal ou a súa nidia diferenciación entre o político e o moral! En boa medida na base de todo isto estaba a súa orixinalidade, o seu afastamento dos camiños percorridos. Un dos seus mestres, Heidegger, dicía que o filósofo adoita traballar toda a súa vida arredor dunha idea. Segundo isto, a de Arendt sería o concepto mesmo de política, reivindicando a súa autonomía fronte a toda redución a instancias alleas, xa fose feita en clave liberal ou na de certo marxismo. Posiblemente non haxa ninguén no pensamento contemporáneo que calase tan a fondo na súa significación. Se hai algún nome por excelencia no ámbito da filosofía política, e a miúdo rexeitaba que lle atribuisen a súa adscripción a esta categoría, ese sería o de Arendt.

Programa



Sesión da mañá

10:15 horas

Inauguración

10:30 horas

Hannah Arendt entre filosofía e política

Cristina Basili

Universidad Complutense de Madrid

12:00 horas

Pausa

12:30 horas

Arendt e Weimar: lecturas para o presente

Cristina Sánchez

Universidad Autónoma de Madrid

Sesión da tarde

16:30 horas

Imaxinación e fragilidade no pensamento de Hannah Arendt

Lorena Fuster

Universitat de Barcelona

18:00 horas

Amor e política en Arendt

Antonio Campillo

Universidad de Murcia

Organiza

Sección de Pensamento (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Jorge Álvarez Yágüez

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/>

.....

Organiza:

